

PREGUNTAS

1. ¿Como explica que o seu Tenente Alcalde Manuel González dimita como responsable de persoal do Concello?.

2. ¿Pódenos explicar como se chegou a esta situación ca dotación de persoal da Policía Local, de maneira que agora xa non dispoñemos de patrulla as 24 horas do día? Esta noite pasada saltou unha alarma no casco urbano e non tiñamos patrulla, e fai uns días deuse unha alerta por un intento de atraco a man armada nun establecemento de Godos e tampouco tiñamos patrulla.

3. ¿Como ponde Vostedes permitir o lamentable estado da parcela da fachada do edificio da Escola de Música? (as herbas van a tapar case o edificio).



4. ¿Cando pensan Vostedes solucionar o problema de lista de espera da gardería municipal, un servizo fundamental para que as familias poidan conciliar traballo e familia, e que ademais en Galicia, gracias a Xunta de Galicia, ten coste cero para todas as familias e o noso Concello non ten prazas suficientes, sobre todo cando Vostedes redactaron no seu día un proxecto de ampliación e nunca o executaron?.

5. ¿Cal é a situación actual da emisora de Radio Caldas? ¿Onde trasladaron Vostedes os equipos e instalacións? ¿Que plans de futuro teñen Vostedes para a emisora municipal?.

6. ¿Como pode Vostede criticar nos medios, porque diante do Conselleiro de Educación non dixo nada, sobre os prazos de inicio das obras da ampliación IES Aquis Celenis que van a con levar un investimento sen precedentes de 3,75 Millóns de euros da Xunta de Galicia na educación pública de Caldas de Reis, e Vostede non ter feito absolutamente nada da parte que lle corresponde o Concello segundo do convenio que asinou, isto é, mercar as fincas que linda co IES para aparcadoiro e xiro dos vehículos, e converter a estrada de acceso o IES dende Segade de Arriba nunha estrada urbanizada de dobre carril con novo acceso a N640?.

7. En relación con anuncio de estes días da contratación do estudio para a nova variante Oeste por parte do Ministerio de Transportes , Movilidad y Agenda Urbana, nos gustaría, xa que como dí na prensa é unha xestión súa, que nos contestara varios cuestións plantexadas: ¿A variante Oeste que se manexa e dende Bemil a Saiar ou dende Tibo a Saiar? ¿Vostede recordoulle que existía un acordo unánime do Pleno do Concello de Caldas de Reis que esixía que fora dende Tibo a xusto diante da entrada principal da factoría de Clesa? ¿Considera Vostede que a nova vía dende Saiar ata Godos, concretamente ata o inicio a estrada de acceso o porto do Vilagarcía de Arousa, e dicir, unha estrada pechada, segundo a nota, podería afectar a moitas vivendas e veciños de Godos, xa que practicamente poderíase falar dunha circunvalación a Godos?

8. ¿Fixo Vostede algunha xestión ante o Ministerio de Transportes , Movilidad y Agenda Urbana para que se asfalte a maioría da N550 e N640 no casco urbano? E absolutamente lamentable como está a N640 nas rúas Juan Fuentes e Padres Somascos, e a N550 en Pedro Mateo Sagasta e Herrería? ¿A tan demandada actuación de rehabilitación da ponte da Herrería esta reclamada?

9. ¿Pensa Vostede reparar os tremendo buratos existentes en pleno Camiño Portugués na N550 xusto no cruce no que o Camiño baixa cara o Bermaña en San Roque?.



10. ¿Cando teñen previsto tomar algunha medida para mellorar a visibilidade, e con elo, a seguridade, na saída do acceso a Eirín ca N550, posto que como se observa na fotografía que esta despois de esta pregunta, se queres saír dirección Pontevedra, a visibilidade é nula?



ROGOS

1. Que se proceda de forma inmediata a esixir a Deputación de Pontevedra que volte a deixar como liña descontinua o tramo diante do colexio público de San Clemente, permitindo que os vehículos poidan saír do centro educativo en ambos sentidos.